

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 12 DE XUÑO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:35 horas do día 12 de xuño de 2018, reúnese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 8 de xuño (orde do día ampliada o día 11), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D^a. María Jesús Lago Rey

Vocais: D^a. Susana García Álvarez
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. Fátima Dueñas Corchero (asiste aos puntos 4, 8, 9 e 10)
D^a. Luz María González Domínguez (asiste aos puntos 2 e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335) (emenda de documentación)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algúns dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 11 de xuño de 2018, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días a GLOBAL SETUP, S.L. para que puidese emendar a documentación persoal. Con data do 11 de xuño de 2018, o licitador presentou a documentación requirida. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento a GLOBAL SETUP, S.L. por ter presentado correctamente a declaración responsable incluída como Anexo II e o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC).

3.- Apertura da documentación técnica



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:32	Páxina 1 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA944-CHD23D-472636-NWND1E-DMZPJ8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto para a contratación do servizo da produción técnica local dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en festas 2018” no auditorio ao aire libre de Castrelos (7.428-335)

Ábrese o sobre B “Proposición avaliable mediante xuízo de valor” dos licitadores presentados e admitidos.

A proposición de FLUGE GALICIA, S.L. non está asinada e a da UTE CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA só está asinada por un dos dous membros da UTE (D^a. Elvira Zapata Vila).

A empresa GLOBAL SETUP, S.L. só presenta un exemplar, polo que se fai unha copia polo Servizo de Contratación.

A presidenta e a secretaria asinan os exemplares presentados. Un deles queda custodiado pola Secretaría da Mesa e do outro exemplar darase traslado ao servizo xestor xunto co expediente.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda:

1. Conceder un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que poidan emendar a súa proposición:
 - FLUGE GALICIA, S.L.: deberá presentar un escrito asinado por persoa con poder de representación no que subscriba a proposición presentada na data 7 de xuño de 2018 co número de rexistro de entrada 180088179.
 - UTE CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. - ELVIRA ZAPATA VILA: deberá presentar un escrito asinado por persoa con poder de representación da empresa CATEGÓRICA PRODUCCIONES, S.L. no que subscriba a proposición presentada na data 7 de xuño de 2018 co número de rexistro de entrada 180088206.
2. Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) (informe sobre B)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co único licitador presentado e admitido. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses co licitador.

A continuación, entrégase o informe asinado pola técnica de Actividades Turísticas o 8 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor”.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:32	Páxina 2 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA944-CHD23D-472636-NWWD1E-DMZPJ8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado pola técnica de Actividades Turísticas o 8 de xuño de 2018 de valoración do sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”.

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

En acto público abriuse o Sobre C “*proposición avaliable mediante fórmula*” do único licitador presentado e admitido co seguinte resultado:

Licitador	LONDRES	PARÍS			SEVILLA		VALENCIA			Prezo Sen IVE
	Nº prazas 2018	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	1800	1800	9300	9300	4400	4400	4200	13000	13000	2.688,557€ IVE: 564.597€

A presidenta e a secretaria asinan a documentación presentada.

Non asistiu público á apertura.

A continuación, a Mesa procede a valorar a oferta segundo o previsto na cláusula 16.1B do PCAP, co seguinte resultado:

Licitador	LONDRES	PARÍS			SEVILLA		VALENCIA			Prezo
	Nº prazas 2018	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	Nº prazas 2018	Nº prazas 2019	Nº prazas 2020	
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	2	2	5,5	5,5	5,5	5,5	2	2	2	20*

* Neste caso, resulta de aplicación o previsto na citada cláusula 16.1B do PCAP (“*Estas fórmulas non serán de aplicación cando no procedemento so exista un licitador admitido. Neste caso outorgáraselle a máxima puntuación sen necesidade de aplicar a fórmula*”).

A oferta supera todos os umbrais de puntuación previstos no prego para o criterio “*Número total de prazas ofertadas anuais con conexión directa*”.

Tendo en conta a puntuación outorgada ao licitador no Sobre B “*proposición avaliable mediante xuízo de valor*”, segundo o informe de data 8 de xuño de 2018, a puntuación total obtida por AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A. é a seguinte:

Licitador	Puntuación sobre B	Puntuación sobre C	Puntuación total
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS	27	52	79



DEL MEDITERRÁNEO, S.A.			
------------------------	--	--	--

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e do informe de valoración da única proposición presentada, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación da promoción turística do destino Vigo 2018-2020 (7.087-104) na seguinte orde descendente:

Licitador	Puntuación total
AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A.	79

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, AIR NOSTRUM LÍNEAS AÉREAS DEL MEDITERRÁNEO, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (150.2 da LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lembre que deberá acreditar a habilitación profesional esixida na cláusula 8.4.4º do prego.
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 23 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estadística) (8.440-113)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de



aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 24 de maio de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adjudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propiedade de terceiros (estatística) (8.440-113) na seguinte orde descendente:

	Licitador
1	T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U.

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 20 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 21 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., o día 29 de maio de 2018, que presenta a documentación requirida o 11 de xuño de 2018, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 12 de xuño de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adjudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adjudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adjudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adjudicar este contrato.



Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U., segundo os acordos adoptados pola Mesa de Contratación na sesión do 21 de maio de 2018.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a T-SYSTEMS ITC IBERIA, S.A.U. o procedemento negociado sen publicidade para a contratación do servizo de mantemento de aplicacións propia de terceiros (estatística) (8.440-113) coas seguintes condicións:

a) *O prezo total do contrato é de 101.621,85 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 17.636,85 euros, composto polos seguintes prezos:*

1. O prezo do contrato relativo ao mantemento do software é de 29.029,86 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.038,24 euros.

2. O prezo do contrato relativo á asistencia técnica é de 72.591,99 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 12.598,61 euros.

b) *Propón un prezo hora de prestación de asistencia e asesoramento técnico de 88,66 euros (IVE incluído).*

c) *Comprométese a efectuar 10 horas ao ano de prestación de asistencia e asesoramento técnico sen custo para o Concello.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 13:10 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 06:32	Páxina 7 de 7
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ADA944-CHD23D-472636-NWND1E-DMZPJ8-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		